



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **DECRETO CONVOCATORIA DE SOLICITUDES E CONDICIÓNS PARA INSTALACIÓN DE BARRAS E TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIBADUMIA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA “LIII FESTA DO VIÑO TINTO DO SALNÉS DE BARRANTES (2026) – RIBADUMIA”.**

Apróbase a Convocatoria de Solicitudes para a instalación de barras e terrazas en espazos de uso público do concello de Ribadumia con motivo da celebración da “LIII FESTA DO VIÑO TINTO DO SALNÉS DE BARRANTES (2026) – RIBADUMIA”, con arreglo as seguintes condicións e delimitacións:

### **PRIMEIRA.- CONDICIÓNS DAS INSTALACIÓNS.**

As condicións que deberán cumprir as instalacións serán as seguintes:

#### **1.1.- Actividades susceptibles de instalar terrazas.**

1.1.1.- As terrazas poderanse autorizar cando estean vinculadas a un establecemento de hostalaría e restauración situado nas inmediacións do viario ou espazo de uso público ocupado pola terraza.

1.1.2.- Así mesmo, tamén se poderán autorizar a instalación de terrazas asociadas á tipoloxía ocasional contemplada no Decreto 124/2019 do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, con remisión ao devandito artigo 3. d) e e) da LEI 10/2017, e contemplados no Anexo do devandito Decreto 124/2019, como: III.2.5.3. Bares, entre os que se inclúen a de polbeira, e como III.2.7.3. Pubs.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **1.2.- Natureza xurídica da autorización.**

As autorizacións municipais para instalación de este tipo de terrazas asociadas á tipoloxía ocasional antes exposta, terá natureza xurídica de autorización de ocupación de dominio público ocasional e só para a súa utilización especial destinada á prestación de servizos particulares dirixidos ao público, non configurándose como unha concesión administrativa senón como unha utilización de menor entidade que non xera vínculo estable nin dereito do hostaleiro sobre o dominio público.

## **1.3.- Localización e duración.**

A autorización terá unha vixencia temporal, estritamente vinculada ao período de duración da “LIII FESTA DO VIÑO TINTO DO SALNÉS DE BARRANTES (2026) – RIBADUMIA”, e estritamente acoutada unicamente aos lugares da vía pública ou espazos de uso público indicados e delimitados polo Concello de Ribadumia con ocasión de dita festividade. Non se permitirá a instalación de terrazas desta tipoloxía fora do ámbito temporal e espacial delimitado polo Concello con motivo de dito evento e/ou festividade.

## **1.4.- Elementos e mobiliario delimitadores das terrazas.**

1.4.1.- Os aproveitamentos, serán do tipo de Terraza sen cerramento estable, entendendo por tal a terraza composta por elementos móbiles e desmontables e sen cuberta fixa ou estable. Inclúiranse tamén nesta modalidade as instalacións de carpas facilmente desmontables, e toldos enrolables á fachada ou ás instalacións móbiles.

1.4.2.- As autorizacións que resulten concedidas facultan á persoa titular para a colocación daqueles elementos móbiles que, polo seu





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

carácter auxiliar e complementario á prestación do servizo de hostalaría exercido, contribúan a mellorar as condicións de confort das persoas usuarias da terraza, sempre e cando a súa instalación se realice no perímetro da superficie de ocupación autorizada e se axuste na súa composición e estética ás determinacións deste decreto. A tales efectos, poderanse instalar, con carácter xeral, os seguintes elementos de mobiliario que permitan acondicionar e delimitar as terrazas, cando cumpran as prescricións técnicas reguladas no presente decreto:

- a) Mesas.
- b) Cadeiras.
- c) Construcións lixeiras fácilmente desmontables.
- d) Tarimas ou cubertas desmontables da beirarrúa.
- e) Toldos enrolables.
- f) Antucas móbiles.
- g) Elementos separadores: biombos, paraventos e elementos de xardinería.
- h) Elementos auxiliares de apoio.

1.4.3.- Con carácter xeral non se permite a instalación nas terrazas de calquera elemento de reprodución de imaxe e son, nin outros elementos perturbadores do descanso como futbolíns, máquinas recreativas e de azar, e outros análogos.

1.4.4.- Prohíbense, en todo caso, a instalación de terrazas con cerramentos estables.

### **1.5.- Condicións xerais do mobiliario e elementos que conforman a terraza.**

O mobiliario e as estruturas das terrazas deberán reunir as características precisas para a súa función, e en particular:

- a) Serán de material resistente, de fácil limpeza e de boa calidade. Procurarase a utilización de materiais sustentables en termos ecolóxicos.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- b) Deberán harmonizar entre si e coa contorna urbana en que se sitúe tanto en cromatismo como en materiais e deseño.
- c) Deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características, uso previsible, disposición ou modo de instalación, poidan supor un atranco para os usuarios da instalación ou para os viandantes, nin para os bens públicos ou privados.

## 1.6.- Horario de funcionamento.

1.6.1.- O horario de funcionamento das Terrazas e Barras será o seguinte: **HORARIO CONTINUADO dende as 12.00 h ata o máximo legal permitido pola lexislación vixente** ao respecto no momento da autorización para cada tipo de establecemento.

Con todo, o Concello de Ribadumia poderá modificar ditos horarios, atendendo ás circunstancias de índole socioeconómicas, ambientais ou urbanísticas, así como a adaptación ás posibles modificacións legais (de ser o caso) que puidesen concorrer en cada suposto concreto, debidamente motivadas e valoradas polos servizos técnicos municipais.

1.6.2.- A montaxe do mobiliario da terraza levarase a cabo 20 minutos antes do inicio do horario de funcionamento. A súa desmontaxe iniciárase ao finalizar o horario de peche da terraza.

1.6.3.- As barras deberán ser recollidas e pechadas ao público ao finalizar o horario autorizado. A súa preparación poderá levarse a cabo 20 minutos antes do inicio do horario de funcionamento, e a súa recollida ao finalizar o horario de peche.

## 1.7.- Limitacións xerais.





ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

1.7.1.- O Concello poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

a) Que afecten ao dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio.

b) Que supoña prexuízo grave para a seguridade viaria.

c) Que polas particulares características físicas ou por razón do nivel ou intensidade do tránsito peonil, poida resultar inconveniente dende o punto de vista da seguridade das persoas, da súa mobilidade e accesibilidade.

d) Que poida incidir sobre as condicións de evacuación dos edificios e locais próximos.

e) Que dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de emerxencia, tales como bombeiros, ambulancias, etc.

f) Que supoñan unha deterioración do medio urbano ou resulten inadecuadas ou manifestamente discordantes coa súa contorna.

g) Que impida ou dificulte gravemente a visibilidade ou uso de servizos, equipamentos e mobiliarios urbanos.

h) Calquera outra circunstancia similar de interese público.

1.7.2.- Poderá autorizarse ou esixirse a instalación de pavimentos flotantes especiais antideslizantes cando resulte conveniente outorgar unha protección especial ao pavimento da vía pública, en atención as súas características ou localización, ou cando resulte aconsellable a súa colocación para garantir unhas mínimas condicións de confort aos usuarios por mor da pendente da rúa, ou similares razóns de interese público.

## **1.8.- Superficie autorizada, delimitación da instalación e elementos que a conforman.**

1.8.1.- A superficie máxima autorizada conformarase polo perímetro exterior total do conxunto de todos os elementos a instalar dispostos para a prestación de servizo. O Concello, en caso de ser





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

necesario, poderá delimitar a superficie a ocupar por cada terraza mediante sinalización visible no pavimento.

1.8.2.- A autorización concedida poderá facer referencia a un concreto plano de detalle cando a mesma precise dunha delimitación gráfica en razón as súas particularidades, e ao que se subordinará a validez e eficacia da autorización.

1.8.3.- En todo caso, deberán deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata polos servizos correspondentes os seguintes elementos: as bocas de rego e hidrantes, os rexistros da rede de sumidoiros, os centros de transformación, así como calquera outro tipo de elemento destinado á prestación de servizos afectos ao interese xeral.

1.8.4.- Non poderá colocarse elemento de mobiliario algún que dificulte o acceso a edificios, locais comerciais ou de servizos, zonas reservadas para distintos usuarios tal como a carga e descarga nos horarios establecidos para iso, prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida, saídas de emerxencia, vaos ou pasos de vehículos, paradas de transporte público, nin cando oculten, total ou parcialmente, ou dificulten a visibilidade da sinalización de tráfico ou de tipo informativo.

1.8.5.- En calquera caso, permitirase o acceso libre e uso público aos elementos de equipamento ou mobiliario urbano, tales como, farois, bancos, e demais elementos, de xeito que se garanta a súa función e que permitan os labores de mantemento.

1.8.6.- Non se autorizará a colocación de elemento algún nas ramplas de acceso a pasos de peóns.

1.8.7.- En ningún caso a instalación da terraza poderá realizarse sobre superficies axardinadas.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

1.8.8.- Con carácter xeral, so se permitirá a instalación dunha barra ou mostrador de atención ao público por terraza. Excepcionalmente, en terrazas vinculadas a locais ou dependencias con actividade de hostalaría e restauración con licenza de actividade permanente, poderán autorizarse ata un máximo de dúas barras ou mostradores de atención ao público, sempre e cando existan razóns especiais que así o aconsellen, as cales deberán ser valoradas en cada caso polos servizos técnicos municipais.

Nestes casos só se autorizará a instalación, cando poida situarse a curta distancia do establecemento principal do que dependa, exista un fácil tránsito entre a mesma e o local e a súa dependencia deste último resulte facilmente recoñecible por calquera usuario da instalación. Mesmamente durante o período do evento e horarios contemplados nesta convocatoria, excepcionalmente e vinculado ao motivo ou evento festivo de esta regulación, poderanse instalar este tipo de barras dentro das terrazas de hostalaría con autorización permanente.

En todos os casos, as barras instalaranse de maneira que non impidan o paso dos peóns pola vía pública nin o uso de mobiliario público. Con carácter xeral, as barras terán unha lonxitude máxima que non supere o longo da fachada do establecemento, e en ningún caso poderán situarse diante de portais ou da entrada a establecementos comerciais. En casos excepcionais poderá autorizarse a instalación de barras en zonas anexas aos locais de hostalaría, máis aló da fachada do establecemento cando así o aconsellen e autoricen os servizos municipais encargados da revisión das solicitudes.

1.8.9.- Os toldos, antucas ou parasoles respectarán unha altura mínima de 2,20 metros e non invadirán o espazo de paso peonil nin se estenderán máis alá da superficie de terraza autorizada. A súa instalación require que se garantan as necesarias condicións de seguridade e estabilidade dos elementos.

1.8.10.- As terrazas deberán poder contar con acceso da clientela aos aseos do local, no caso das vinculadas a un establecemento de





ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

hostalaría e restauración situado nas inmediacións; e no caso das da tipoloxía ocasional definidas anteriormente nesta convocatoria no apartado “1.1.2” deberán instalarse sanitarios químicos, de xeito individual ou conxuntamente con outros establecementos. A idoneidade e suficiencia dos sanitarios será valorada polos técnicos do servizo municipal ao que se lle encomende a competencia de autorización na materia.

No caso das terrazas da tipoloxía ocasional definida nesta convocatoria ( apartado 1.1.2), poderán ser excepciónadas desta obriga de instalar sanitarios químicos, sempre que existan nas proximidades aseos públicos do Concello de Ribadumia, que a criterio dos técnicos do servizo municipal ao que se lle encomende a competencia de autorización na materia sexan suficientes e idóneos para este cometido nese período de duración do evento ou festividade.

### **1.9.- Sinalización da superficie ocupable.**

Se por razóns de seguridade do tránsito peonil ou dos usuarios da terraza se entendese necesario, o Concello poderá requirir ao solicitante o establecemento dun sistema de sinalización da superficie de ocupación, por conta desta. O devandito sistema, deberá practicarse sen ancoraxes fixos ao pavimento.

### **1.10.- Ancoraxes.**

1.10.1.- Con carácter xeral, queda prohibida e non se permitirá a ancoraxe ao pavimento de elemento algún da terraza, nin do seu mobiliario.

1.10.2.- Excepcionalmente, e en casos debidamente xustificadas, poderase autorizar a instalación de elementos ancorados. A autorización quedará condicionada ao depósito dunha fianza en garantía do custo de





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

reposición de bens, servizos, ou espazo público afectados, e cuxo importe será determinado polos servizos técnicos.

### **1.11.- Publicidade.**

A instalación na vía pública de reclamos publicitarios propios do establecemento, tales como atrís, maniqués, testos, anuncios dos produtos á venda, e letreiros de prezos, queda limitada á superficie obxecto de ocupación pola terraza autorizada.

### **1.12.- Limpeza, hixiene e ornato.**

Os titulares das terrazas teñen a obriga de manter o mobiliario e a zona que ocupa a terraza, nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato. O incumprimento deste punto será suficiente para retirar a autorización correspondente.

### **1.13.- Envases**

A partir das 22.30 horas e ata a hora de peche, queda prohibido servir bebidas nas barras exteriores en copas, vasos ou envases de vidro.

En aras da defensa do medio ambiente, o Concello de Ribadumia recomenda o uso de envases reutilizables ou materiais reciclables.

### **1.14.- Equipos de imaxe, son e actuacións en directo**

Con carácter xeral conforme aos criterios delimitadores antes establecidos non se permite a instalación nas terrazas de calquera elemento de reprodución de imaxe e son.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Así mesmo, nas terrazas, a petición dos interesados e tras o estudo e a valoración técnica dos servizos municipais, o Concello de Ribadumia poderá excepcionalmente autorizar con motivo da celebración do evento actuacións en directo, respectando en todo caso toda a normativa vixente no que se refire a emisións sonoras ou exposición pública, e sempre que non interfiran coa programación oficial do propio evento e se axuste á normativa vixente establecida na Lei de espectáculos de Galicia.

A tal fin, os titulares das terrazas deberán presentar no Concello, xunto coa documentación da solicitude de instalación desta, unha programación das actuacións que teñan pensado organizar co detalle das mesmas e os horarios previstos.

### **1.15.- Procedemento de Adxudicación das Autorizacións.**

1.15.1.- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e emendadas as posibles deficiencias, se fose o caso, procederase a ditar resolución de adxudicación do emprazamento concreto a cada adxudicatario.

Na resolución de autorización fixaranse as condicións específicas desta, tendo en conta o solicitado polo interesado.

### **1.16.- Normativa complementaria aplicable.**

As instalacións reguladas nesta convocatoria quedan suxeitas á normativa sectorial que lles sexa de aplicación, polo que as súas determinacións son plenamente esixibles, aínda cando non se faga expresa referencia ás mesmas nesta convocatoria.

### **1.17.- Seguro de Responsabilidade civil.**

Os titulares das autorizacións deberán ter formalizado e en vigor un seguro que cubra todas as esixencias establecidas no artigo 8 na lei





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

do Parlamento de Galicia 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en especial haberá de cubrir a responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente, de maneira tal que cubra os danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e os seus bens, sempre que devanditos danos e prexuízos sexan producidos como consecuencia da xestión e explotación do establecemento, terraza, posto ambulante, ou da realización do espectáculo público ou actividade recreativa, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

### **1.18.- Deberes do Titular da autorización**

O titular da autorización da terraza de uso hostaleiro, ademais do seguro sinalado no artigo anterior, deberá de cumprir coas seguintes obrigacións:

a) Instalar a terraza nos termos e condicións dispostos na autorización outorgada, respectando os horarios autorizados, as distancias establecidas nesta ordenanza, e a normativa aplicable en materia de ruídos.

b) Colocar á vista pública a autorización para a instalación.

e) Manter a instalación da terraza, e o espazo ocupado nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato público. Para ese efecto, deberá dispoñerse dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos, de acordo co disposto na normativa que resulte de aplicación.

f) Non almacenar produtos ou materiais xunto á terraza, así como residuos propios da instalación.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

g) Proceder salvo autorización expresa ao contrario, á retirada do mobiliario á finalización do horario de funcionamento do establecemento, e deixando o espazo ocupado en perfectas condicións de limpeza.

i) Repoñer a vía pública ao seu estado orixinal unha vez finalice a vixencia da autorización.

j) Asumir os gastos orixinados como consecuencia da retirada ou traslado dun elemento de mobiliario urbano que poida entorpecer a instalación.

k) Velar para que os usuarios non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que xeren molestias aos veciños ou aos demais usuarios do espazo público.

l) Non utilizar elementos do dominio público como soporte para colocar, ancorar ou, de calquera outro modo, suxeitar os elementos da terraza ou da barra.

### **1.19.- Prohibición de servir bebidas alcohólicas e enerxéticas a menores de idade.**

Queda expresamente prohibido o consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade nas terrazas e espazos obxecto desta convocatoria, e queda expresamente prohibida a venda e subministración de bebidas alcohólicas e enerxéticas a menores de idade.

Os titulares da autorización deberán de informar da devandita prohibición colocando nas terrazas e/ou barras anuncio conforme ás esixencias da Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.

### **1.20.- Prazo de Solicitudes.**





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O prazo de solicitudes será ata o 15 de maio de 2026.

## **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES.**

Poderán concorrer a este tipo de autorizacións, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e que estean habilitadas consonte coa lexislación mercantil e administrativa para o desenvolvemento da actividade de hostalaría na comunidade autónoma de Galicia.

Para a obtención da autorización esíxese o cumprimento das seguintes requisitos:

- a) Acreditar a personalidade xurídica
- b) Posuír a condición de empresario de hostalaría segundo a lexislación mercantil e administrativa.
- c) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e atoparse ao corrente do pagamento das cotas correspondentes.
- d) Estar dado de alta, de ser o caso, no Imposto de Actividades Económicas e atoparse ao corrente do pagamento das cotas correspondentes.
- e) Estar ao corrente de pagamento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- f) Estar ao corrente de pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- g) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

h) Satisfacer as taxas e os tributos fixados nas correspondentes ordenanzas municipais.

i) Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, cando se trate de persoas estranxeiras.

j) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

k) Dispor de seguro de responsabilidade civil.

l) Presentar documentación gráfica técnica da instalación que se pretende.

ll) Non estar comprendido nalgún dos supostos de prohibición para contratar coa administración local (Concello de Ribadumia) sinalados no artigo 71 da lei 9/2017 de contratos do sector público e na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

### **TERCERA.- SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN E DOCUMENTACIÓN ADXUNTA.**

As persoas obrigadas a relacionarse por medios electrónicos deberán presentar solicitude no rexistro electrónico do Concello segundo **modelo normalizado a través da sede electrónica do Concello de Ribadumia**. (<https://portalcidadan.ribadumia.org/>).

Os suxeitos non obrigadas a relacionarse electronicamente poderán presentar a solicitude no Rexistro do Concello de Ribadumia, de forma telemática, ou en calquera das formas establecidas non artigo 16.4. da Lei 39/2015 de Procedemento administrativo común das





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Administracións Públicas segundo o modelo normalizado aprobado polo Concello (Anexo I), no que, ademais do indicado no art. 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, farase constar:

a) Nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do Documento Nacional de Identidade e letra de identificación fiscal (NIF), ou do pasaporte en vigor, ou NIE, de ser o caso.

Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por persoa representante autorizada.

No suposto de persoas xurídicas, cooperativas, comunidades, ou asociacións deberán presentar copia da escritura de constitución, así como dos estatutos que rexen o seu funcionamento, con indicación dos datos persoais da persoa representante e a acreditación de apoderamento outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da entidade.

b) Nome ou razón social do interesado e, de ser o caso, nome comercial e dirección do establecemento hostaleiro ao que vai asociada a terraza.

c) A dirección de correo electrónico da persoa titular para a recepción das posibles reclamacións dos usuarios.

d) Definición e delimitación do espazo público ao que se opta e emprazamento solicitado. Deberase especificar se a instalación que se pretende situar estará en espazo de dominio público ou privado de uso público, así como o tipo de instalación de terraza que se pretende, indicando as dimensións do espazo de ocupación que pretende expresadas en metros cadrados e metros lineais, indicando as características técnicas da terraza e actividade que se pretende realizar, e definindo os elementos de mobiliario a instalar.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

e) Documentación fotográfica do espazo exterior en que se pretenda situar a terraza.

f) Plano de situación ou emprazamento das instalacións (cartografía municipal).

g) Período de tempo de ocupación solicitado. En ningún caso a duración poderá exceder do período de duración ou data do evento e/ou festividade para a que se solicita.

h) Declaración responsable que se achega coa presente convocatoria (Anexo I, e no seu caso – si se pide autorización para equipos de son e/ou actuacións - ademais Anexo II).

i) Documentación acreditativa do Seguro de responsabilidade civil.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante o Concello de Ribadumia da declaración responsable ou a documentación que sexa requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde ou momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **CUARTA.- RÉXIME DE INCUMPRIMENTOS E REVOGACIÓN DE AUTORIZACIÓNS**

**4.1.-** As autorizacións outorgadas para a instalación de barras e terrazas na vía pública con motivo da presente edición da “LIII FESTA DO VIÑO TINTO DO SALNÉS DE BARRANTES (2026) – RIBADUMIA” teñen carácter en precario, atopándose en todo caso supeditadas ao





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

interese xeral e ao cumprimento estrito das condicións establecidas no presente Decreto e na normativa sectorial de aplicación.

**4.2.-** O incumprimento total ou parcial do disposto no presente Decreto, así como das condicións específicas contidas na licenza individual, poderá supoñer a revogación inmediata da autorización outorgada, sen dereito a indemnización algunha.

**4.3.-** Especialmente, serán causas de revogación automática ou cesamento da actividade, o incumprimento dos Deberes e Prohibicións relacionados nos apartados 1.18 e 1.19 da clausula Primeira deste Decreto.

**4.4.-** A revogación adoptarase previa audiencia do interesado, salvo que razóns de urxencia ou seguridade pública, debidamente motivadas, esixan a adopción de medidas cautelares de suspensión inmediata da actividade.

**4.5.-** O disposto nesta cláusula enténdese sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador polas infraccións tipificadas nas normas municipais e sectoriais que regulan a Ocupación de Vía Pública e a Convivencia e demais lexislación vixente.

En Ribadumia na data da sinatura dixital

